

CANTIGA MARIÑEIRA

Gardar recordos do mar
no corazón dunha rocha
prender o tempo nos beizos, meu ben
voltare navegar

Pintar de ollares o ceu
por ver se as nubes saíren
e seguir rastros de area, até o sol
prendado duns ollos tristes

Polos teus montes subir
quixer que fora destino
que de devezos e soños, tamén
deixase andar o camiño

Vou a dar o parabén
que a despedida non podo
que unha dorniña que boten, se quer
logo ha de voltar a porto

A stylized, handwritten signature in black ink, appearing to be 'Górriz'.

Óscar Górriz. Xuño de 2026.

Cantiga pertencente á serie “LUS’ Paisaxes das Culturas do Barbanza”.